



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE CASTRO CALDELAS PARA A REALIZACIÓN DUNHA ACTUACIÓN ARQUEOLÓXICA DE ESCAVACIÓN, CONSOLIDACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO ANTIGO MOSTEIRO DE SAN XOÁN DE CAMBA (CASTRO CALDELAS, OURENSE)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

María del Carmen Martínez Ínsua, directora xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural formalizou co Concello de Castro Caldelas, o instrumento conxugal arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 30 de novembro de 2024.

Que o instrumento conxugal ten por obxecto:

Regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e o Concello de Castro Caldelas para a realización dunha actuación arqueolóxica de escavación, consolidación e acondicionamento do antigo mosteiro de San Xoán de Camba (Castro Caldelas, Ourense), co obxectivo operativo de conservar o patrimonio cultural galego.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento conxugal que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O antigo mosteiro de San Xoán de Camba, sitúase no concello ourensá de Castro Caldelas. Foi durante moito tempo unha importante abadía e real mosteiro dúplice. A súa fundación dátase no século X, por obra de Diego I, bispo de Ourense. Desta primitiva construción so se conservan tres pezas de granito de





claro estilo prerrománico: unha ventá xeminada e dous relevs depositados no Museo Arqueolóxico de Ourense.

A igrexa de San Xoán de Camba ten a condición de ben catalogado do patrimonio cultural de Galicia en virtude do artigo 30 da Lei 5/2016, do patrimonio cultral de Galicia xa que aparece no catálogo de bens culturais do PXOM do concello de Castro Caldelas.

Tendo en conta os valores patrimoniais que posúe este conxunto monumental, cunha intensa evolución histórica que se pode retrotraer ata época romana, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e o Concello de Castro Caldelas consideran de interese asinar un convenio de colaboración para continuar neste ano 2024 cos traballos arqueolóxicos de investigación e documentación deste sitio histórico, ademais de realizar labores de consolidación e acondicionamento das estruturas arqueolóxicas exhumadas de cara a súa conservación e posta en valor.

Estes traballos faranse con metodoloxía arqueolóxica e serán dirixidos por un/ha arqueólogo/a que cumpra os requisitos esixidos polo Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais dos propios traballos arqueolóxicos, prevense levar a cabo diferentes accións de divulgación dos bens e dos traballos realizados nas que se fará constar a colaboración e financiamento da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente conxenial.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

